

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**, sobre a cancelación de oficio de os convenios coas comunidades de montes veciñais en man común.

Exposición de motivos

Despois da vaga de lumes que asolaron os montes galegos no pasado 2017, son moitas as CCMMVVMC que están a amosar a súa preocupación polo posible abandono no que poden quedar os seus montes, xa que despois de aprobar a propia Xunta de Galicia na lei de acompañamento dos orzamentos deste 2018, unha normativa que lle permite extinguir os convenios subscritos ca administración en aqueles montes veciñais que teñan menos dun 30% da superficie con arborado superior a 5 anos.

Na disposición transitoria cuarta da lei de acompañamento dos orzamento do ano 2018, esta di:

Montes con consorcios ou convenios coa Administración:

1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

a) Cancelación de oficio nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2021, nos casos seguintes:



a.1: Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.

b.1: Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo co establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

C.1: Montes que non consigan os fins para os cales se subscribise o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.

Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arborado existente ocupe unha superficie inferior ao 30% da total do consorcio ou convenio, agás por afectación de incendios forestais posteriormente á data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afectación de incendios forestais,

a superficie arborada queimada considerarase como superficie arborada para os efectos do cómputo desta porcentaxe do 30%.

Para efectos do cómputo dese 30% non se contabilizará o arborado cunha idade inferior aos 5 anos.

Isto, propiciaría que as propias comunidades propietarias poderíanse atopar con un monte totalmente arrasado polas lapas e descapitalizadas totalmente, para afrontar así a súa recuperación.

Despois de manter xuntanzas con asociacións afectadas e preocupadas por este problema, estes manteñen que deben evitarse estas cancelacións de oficio se non están garantidas a capacidade económica da propiedade para facer unha xestión rendible e sostible dos espazos que xestionan.



Aparte disto, no caso de montes afectados por incendios forestais, tamén se lle forzaría a estas comunidades a elaboración dun plan de restauración do seu monte antes de transferir a xestión, algo que non deixa de ser paradóxico ao ser a propia administración a responsable directa da situación actual dos montes conveniados.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar explicacións acerca de como a Xunta de Galicia vai xestionar as cancelacións de oficio de cara a garantir a xestión forestal sostible e viable, fundamentalmente daqueles montes non capitalizados ou con escasos recursos económicos.
2. Establecer un procedemento ou instrución para que a administración forestal avalíe a situación das comunidades de montes previamente á cancelación de oficio dos actuais convenios que a Consellería de Medio Rural ten establecidos con estas, de tal xeito que se asegure que aquelas comunidades de montes ás que se lle rescinda o convenio, teñan asegurada a súa viabilidade para manter unha xestión forestal sostible.

Santiago de Compostela a 10 de abril de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/04/2018 14:45:06

Luis Villares Naveira na data 13/04/2018 14:45:10